



José A. Vasconcellos Vicente gaña no Campionato Provincial de Caza Menor de Pontevedra

O pasado día 31 de outubro celebrábase no Tecor da Sociedade de Cazadores Forcarei, o Campionato Provincial de Pontevedra de Caza Menor con Can, organizado pola Federación Galega de Caza en Pontevedra en colaboración coa Sociedade de Cazadores de Forcarei.

A proba, que se disputaba en boas condicións climatolóxicas, contaba cun total de 26 participantes que representaban ás súas respectivas Sociedades de Caza. Rematada a proba, foi o cazador José A. Vasconcellos Vicente da Sociedade "A Rosaleda" quen, ao capturar unha arcea, se alzaba co Campionato Provincial, cun total de 500 puntos. O segundo clasificado foi Cristobal Cacheda Chouza, da Sociedade "A Lanzada", que capturaba un coello e polo tanto acadaba 350 puntos. Cristian Pereira Riveiro, da Sociedade "A Tomiñesa" capturaba tamén un coello para rematar terceiro clasificado da competición.



| CLASIFICACIÓN | | | |
|---------------|------------------------------|----------|--------|
| Pos | Cazador | CAPTURAS | Puntos |
| 1º | José A. Vasconcellos Vicente | 1 arcea | 500 |
| 2º | Cristobal Cacheda Chouza | 1 coello | 350 |
| 3º | Cristian Pereira Riveiro | 1 coello | 350 |
| 4º | Rubén Rozados Espiña | 1 coello | 350 |
| 5º | Eduardo Vicente Estévez | 1 coello | 350 |

Os seguintes cazadores clasifícanse para o Campionato Galego da modalidade: José A. Vasconcellos Vicente, Cristóbal Cacheda Chouza, Cristian Pereira Riveiro, Rubén Rozados Espiña, Eduardo Vicente Estévez e Carlos Vicente Melo.

Gabinete de Comunicación

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

www.federaciongalegadecaza.com